



BOP

MÉRCORES, 25 DE XANEIRO DE 2023

N.º 020

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE RRHH E ASISTENCIA OS CONCELLOS

Anuncio

ANUNCIO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DO 20 DE XANEIRO DE 2023 NO QUE SE APROBA A CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA CONSTITUIR UNHA LISTAXE DE EMPREGO DE TÉCNICO/A DE XESTIÓN PARA PRESTAR SERVIZOS DE CARÁCTER TEMPORAL NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada en data 20 de xaneiro de 2023, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

"Vistos os criterios polos que se rexe a incorporación de persoal para prestar servizos temporais na Deputación Provincial de Lugo, regulados polas resolucións da presidencia das seguintes datas: 29.09.2009 (BOP núm. 231, do 08.10.2009); 16.12.2011 (BOP núm. 294, do 26.12.2011) e 14.02.2019 (BOP núm. 039, do 15.02.2019).

Visto que non hai vixente unha listaxe de emprego temporal de técnico/a de xestión, na que existan efectivos que poidan incorporarse a prestar servizos, constatándose a necesidade de que a entidade cree a citada listaxe para poder atender as necesidades dos servizos e xestionar axilmente a incorporación de efectivos cando sexa precisa e estea xustificada a súa incorporación conforme ás esixencias da normativa vixente, en particular ás referidas no artigo 20.Cinco da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2023, propónse á Xunta de Goberno para que, segundo as facultades que lle confire o artigo 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 30.06.2020 (publicado do BOP núm. 202, do 03.09.2020),
ACORDE:

1º Aprobar a convocatoria do procedemento selectivo para a creación da listaxe de emprego temporal de Técnico/a de Xestión, grupo A - subgrupo A2, para xestionar de xeito áxil as necesidades deste tipo de persoal e poder efectuar nomeamentos ou contratacións de persoal interino polas causas reguladas no art. 10.1 da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público ou, no seu caso, de persoal laboral segundo o art. 15 do Estatuto dos Traballadores.

2º Que a presente convocatoria se rexa polas bases xerais polas que se establecen as normas para a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de reserva a persoas con discapacidade), aprobadas na Xunta de Goberno do 13 de marzo de 2020 (BOP núm. 079, do 6.04.2020), corrección de erros aprobado na Xunta de Goberno do 10 de xullo de 2020 (BOP núm. 161, do 15.07.2020).

3º Aprobar as bases específicas, que complementarán ás bases xerais, que rexeran o procedemento selectivo para a creación da listaxe de emprego temporal da praza sinalada no apartado primeiro.

4º Convocar publicamente a quen, cumprindo os requisitos enumerados na base xeral 4 e na base específica 4, desexe participar no correspondente procedemento selectivo.

5º Ordenar a publicación da presente convocatoria e bases específicas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e nos lugares determinados na base xeral 3.

6º Realizar cantos trámites sexan necesarios para levar a cabo o correspondente procedemento selectivo.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación a proposta presentada e anteriormente transcrita."

Contra o presente acordo, que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da Xunta de Goberno no prazo dun mes contado a partir do día seguinte o da publicación deste acordo no BOP ou ben recurso contencioso administrativo diante do Xulgado Contencioso - Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte o da citada publicación, sen prexuízo de que se interpoña calquera outro que se estime oportuno.

BASES ESPECÍFICAS PARA CREAR A LISTAXE DE EMPREGO PARA PRESTAR SERVIZOS TEMPORAIS NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO EN PRAZAS/POSTOS/EMPREGOS DE TÉCNICO/A DE XESTIÓN.

1. OBXECTO DAS BASES ESPECÍFICAS.

O obxecto das presentes bases específicas é complementar as bases xerais polas que se establecen as normas para a elaboración de listaxes para a prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de reserva a persoas con discapacidade) aprobadas na Xunta de Goberno de 13.03.2020 (BOP núm. 079, do 06.04.2020), corrección de erros aprobados na Xunta de Goberno de 10.07.2020 (BOP núm. 161, do 15.07. 2020).

2. CARACTERÍSTICAS DA PRAZA/POSTO/EMPREGODA LISTAXE QUE SE CONVOCA.

DENOMINACIÓN	GRUPO	SUBGRUPO	ADSCRICIÓN	RETRIBUCIÓN
TÉCNICO/A DE XESTIÓN	A	A2	Ás distintas Unidades Administrativas, que requiran das ditas funcións, unha vez motivada a preceptiva necesidade urxente e inaprazable da incorporación.	As retribucións a percibir serán as correspondentes á praza e ao posto de nivel de entrada.

3. COMETIDO FUNCIONAL.

En canto ao contido funcional da praza/posto/emprego que se convoca será o sinalado na vixente Relación de Postos de Traballo ou, se é o caso, disposición que a substitúa.

En ausencia dos anteriores instrumentos, as persoas ocupantes realizarán as funcións que lles sexan atribuídas por calquera outra norma ou polo/a correspondente superior xerárquico/a.

4. REQUISITOS QUE DEBEN CUMPRIR AS PERSOAS ASPIRANTES PARA SER ADMITIDAS AO PROCESO SELECTIVO.

Ademais do sinalado na base xeral 4; de acordo co apartado c) do artigo 135 do RD Lexislativo 781/86, de 18 de abril; e co apartado e) do artigo 56 e o artigo 76 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP), será necesario, como mínimo, estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións académicas:

Licenciatura, Grao Universitario, Diplomatura Universitaria, Enxeñería Técnica, Arquitectura Técnica ou equivalentes.

A estes efectos, considerase equivalente ao título de Diplomado Universitario ter superado tres cursos completos de Licenciatura, Arquitectura ou Enxeñería ou o primeiro ciclo correspondente aos ditos estudos, sempre que este primeiro ciclo conteña unha carga lectiva mínima de 180 créditos; todo conforme ao recollido na disposición adicional primeira do Real Decreto 1272/2003, de 10 de outubro, polo que se regulan as condicións para a declaración de equivalencia de títulos españois de ensino superior universitario ou non universitario aos títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional; e verificados a través da canle procedimental prevista no Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais.

As persoas aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, de ser o caso, a homologación do título. Este requisito non será de aplicación ás persoas aspirantes que tivesen obtido o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao amparo das Disposicións de Dereito da Unión Europea.

5. NIVEL DE GALEGO ESIXIDO: Celga 4.

6. PROGRAMA

A) MATERIAS COMÚNS.

1.- A Constitución Española de 1978 e principios xerais. Os dereitos e deberes fundamentais dos cidadáns. A Xefatura do Estado. As Cámaras Lexislativas: Congreso e Senado. O Goberno e a Administración Pública. O Consello Xeral do Poder Xudicial e a organización xudicial española.

2.- A organización Territorial do Estado na Constitución Española de 1978. Os Estatutos de Autonomía con especial referencia ao Estatuto de Galicia.

3.- Principios de actuación das Administracións Públicas: eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación. A modernización da Administración Pública e a calidade na prestación de servizos. A Administración Electrónica.

4.- Sometemento da Administración á Lei e ao Dereito. As fontes do Dereito Público. A Lei e o Regulamento. Ordenanzas, Regulamento e Bandos na Administración Local.

5.-O Réxime Local Español. Principios constitucionais. Regulación xurídica

6.- O dereito financeiro: concepto e contido. A Facenda Local na Constitución. O réxime xurídico das Facendas Locais: criterios inspiradores do sistema de recursos e principios orzamentarios. Os tributos locais.

B) MATERIA ESPECÍFICAS.

7.- O ordenamento xurídico- administrativo: O dereito da Unión Europea: Tratados e Dereito derivado. A Constitución. As leis estatais e autonómicas. Tipos de disposicións legais. Os tratados internacionais.

8.- O administrado versus cidadán: concepto e clases. A capacidade dos cidadáns e as súas causas modificativas. O Estatuto do cidadán: dereitos subxectivos e intereses lexítimos, diferenzas entre ambos conceptos e obrigas.

9.- O acto administrativo. Concepto. Elementos. Clases. Requisitos: a motivación e forma.

10.- A eficacia dos actos administrativos: o principio de autotutela declarativa. Condicións. A notificación: contido, prazo e práctica. A notificación defectuosa. A publicación. A aprobación por outra Administración. A demora e retroactividade da eficacia. A executividade dos actos administrativos. A coacción administrativa directa. A vía de feito.

11.- A invalidez do acto administrativo. Supostos de nulidade de pleno dereito e anulabilidade. O principio de conservación do acto administrativo. A revisión de actos e disposición pola propia Administración: supostos. A acción de nulidade, procedemento, límites. A declaración de lesividade. A revogación de actos. A rectificación de erros materiais ou de feito.

12.- A terminación do procedemento. A obriga de resolver. Contido da resolución expresa: principios de congruencia e de non agravación da situación inicial. A terminación convencionais. A falta de resolución expresa: o réxime de silencio administrativo. O desistimento e a renuncia. A caducidade.

13.- Acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos. Sede electrónica. Identificación e autenticación. Rexistros, comunicacións e notificacións electrónicas. A xestión electrónica dos procedementos.

14.- Normativa de aplicación en materia de contratación administrativa no ámbito do sector público. Os contratos do sector público: obxecto e ámbito da Lei de Contratos do Sector Público. Tipos de contratos do sector público. Contratos suxeitos a regulación harmonizada. Réxime xurídico dos contratos administrativos e os de dereito privado. Os principios xerais da contratación do sector público: racionalidade, liberdade de pactos e contido mínimo, perfección e forma, o réxime de invalidez dos contratos e o recurso especial en materia de contratación.

15.- As partes nos contratos do sector público. Os órganos de contratación. La capacidade e solvencia dos contratistas. Prohibicións, Clasificación. A sucesión do contratista.

16.- Preparación dos contratos polas Administracións Públicas. O prezo, o valor estimado. A revisión de prezos. Garantías na contratación do sector público. Clases de expedientes de contratación. Procedementos e formas de adxudicación dos contratos. Criterios de adxudicación. Perfeccionamento e formalización dos contratos administrativos. Execución e modificación dos contratos administrativos. Prerrogativas da Administración. Extinción. A cesión dos contratos e a subcontratación.

17.- O contrato de obras. Actuacións administrativas preparatorias. Formas de adxudicación. Execución, modificación e extinción. A cesión do contrato e subcontrato de obras. Execución de obras pola propia Administración.

18.- O contrato de concesión de obras. O contrato de concesión de servizos. O contrato de subministración. O contrato de servizos. Os contratos mixtos.

19.- A provincia no réxime local. A Deputación de Lugo e as súas competencias. O Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 202, do 03.09.2020): Órganos de decisión colexiados e unipersoais e organización complementaria. Órganos de xestión descentralizada para a xestión dos servizos e órganos de xestión administrativa.

20.- As competencias nas Entidades Locais (municipios e provincia): competencias propias, delegadas e competencias distintas das propias. A sostibilidade financeira da facenda local como condición do exercicio das competencias. Os convenios sobre o exercicio de competencias e servizos locais. A cooperación municipal. A coordinación na prestación de determinados servizos polas Deputacións Provinciais.

21.- Os créditos do orzamentos de gastos: delimitación, situación e nivel de vinculación xurídica. As modificacións de crédito: clases concepto, financiamento e tramitación.

22.- A execución do orzamento de gastos e de ingresos: Os pagamentos a xustificar. Os anticipos de caixa fixa. Os gastos de carácter plurianual. A tramitación anticipada de gastos. Os proxectos de gasto. Os gastos con financiamento afectada: especial referencia ás desviacións de financiamento.

23.- Estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira. Principios xerais. Obxectivos de estabilidade orzamentaria, a débeda pública e da regra de gasto para as Corporacións locais: establecemento e consecuencias asociadas ao seu incumprimento. Os Plans económico- financeiros: contido, tramitación e

seguimento. Plans de axuste e de saneamento financeiro. Subministración de información financeira das Entidades Locais.

24.- A tesourería das Entidades Locais. Réxime xurídico. O principio de unidade de caixa. Funcións da tesourería. Organización. Situación dos fondos: a caixa e as contas bancarias. A realización de pagamentos: prelación, procedementos e medios de pagamento O cumprimento do prazo nos pagamentos: o período medio de pagamento. O estado de conciliación.

25.- A potestade regulamentaria das entidades locais en materia tributaria: contido das ordenanzas fiscais, tramitación e réxime de impugnación dos actos de imposición e ordenación de tributos. O establecemento de recursos non tributarios.

26.- Os impostos locais: Imposto sobre Bens Inmóveis, Impostos sobre actividades económicas, Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, Impostos sobre Vehículos de Tracción Mecánica. A súa natureza. Feito impositivo. Suxeito pasivo. Exencións e bonificacións. Base impositiva: o valor catastral. Base liquidable. Cota, devindicación e período impositivo.

27.- Instrumentos e técnicas de planificación e ordenación dos recursos humanos. Plan de ordenación de Recursos Humanos. Cadro de persoal. Oferta de emprego público. Libro de Rexistro de Persoal. Análise e Valoración de postos de traballo e Relación de Postos de Traballo. A provisión dos postos de traballo.

28.- O persoal ao servizo da Administración Local. Clases. Dereitos e deberes dos empregados públicos. Adquisición e perda da relación de servizo. As situacións administrativas. Réxime disciplinario.

29.- O persoal laboral nas entidades locais. Clases. A representación dos traballadores nas entidades locais. A negociación colectiva e os convenios colectivos. A Seguridade Social.

30.- A actividade subvencional das Administracións Públicas. Procedemento de concesión e xestión das subvencións. Reintegro de subvencións. Control financeiro. Infraccións e sancións administrativas en materia de subvencións.

Lugo, 23 de xaneiro de 2023 .- O SECRETARIO XERAL, José Antonio MourelleCillero.

R. 0184

CONCELLOS

BECERREÁ

Anuncio

EDICTO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por decreto da Alcaldía, de data 13/01/2023, prestouse aprobación inicial aos padróns correspondentes ao 4º trimestre do 2022 das:

- Taxa polo subministro de auga.
- Taxa pola recollida de lixo.
- Taxa pola prestación do servizo de rede de sumidoiros e depuración.
- Canon da auga (Xunta de Galicia).

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago das taxas, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigo 87.2 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado polo Real Decreto 1.684/1990, de 20 de decembro, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, dende o 14/01/2023 ata

o 13/03/2023. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectua-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, o obrigado ó pagamento deberá persoarse nas oficinas municipais, para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de apremio; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberan acudir as oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A falta de pago do canon da auga da Xunta de Galicia, no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 16 de xaneiro de 2023.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 0172

Anuncio

EDICTO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía, de data 17/01/2023, prestouse aprobación inicial ao Padrón da Taxa por postos, barracas, casetas de venta, espectáculos ou atraccións situadas en terreos de uso público... correspondente ao 1º SEMESTRE DO 2023.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago da taxa, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que podan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra o mesmo.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigo 87.2 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado polo Real Decreto 1.684/1990, de 20 de decembro, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 17/03/2023. Para o cobro dos mesmos, lles serán facilitados os correspondentes recibos en cada posto os días de feira.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de apremio; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria. A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 17 de xaneiro de 2023.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 0173

FRIOL

Anuncio

Ao quedar definitivamente aprobado, polo Pleno deste Concello, o Orzamento Municipal para o exercicio económico de 2023, por acordo adoptado en sesión Ordinaria celebrada o día vinte e nove de decembro de dous mil vinte e dous, en cumprimento do que dispón o artigo 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que dito Orzamento ascende, tanto no seu Estado de Gastos como de Ingresos, a **catromillóns douscentos sesenta e cinco mil euros (4.265.000,00 €)**, correspondendo a cada capítulo as cantidades que de seguido se expresan, según o seguinte detalle:

ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
1	Gastos de persoal.....	1.306.631,20.-
2	Gastos correntes en bens e servizos	2.007.984,38.-
3	Gastos financeiros.....	6.100,00.-
4	Transferencias correntes.....	175.654,48.-
5	Fondo de continxencia e outros imprevistos.....	0,00.-
6	Investimentos reais.....	768.629,94.-
7	Transferencias de capital.....	0,00.-
8	Activos financeiros.....	0,00.-
9	Pasivos financeiros.....	0,00.-
A) SUMA TOTAL DOS GASTOS.....		4.265.000,00.-

ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
1	Impostos directos.....	969.547,39.-
2	Impostos indirectos.....	96.100,00.-
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	418.034,90.-
4	Transferencias correntes.....	2.259.400,90.-
5	Ingresos patrimoniais.....	2.300,00.-
6	Alleamento de investimentos reais.....	900,00.-
7	Transferencias de capital.....	518.716,81.-
8	Activos financeiros.....	0,00.-

9	Pasivos financeiros.....	0,00.-
B) SUMA TOTAL DOS INGRESOS.....		4.265.000,00.-

Na referida sesión, tamén se acordou aprobar as bases de execución do orzamento, o cadro de persoal e a relación de postos de traballo, reservados a persoal funcionario, laboral e eventual, tal e como figuran no expediente de tramitación do Orzamento no que se inclúen os créditos necesarios para o abono das dotacións correspondentes. Todo elo de acordó codisposto no art. 126.1 do Real Decreto Lex. 781/1986, de 18 de abril, en relación co art. 90 da Lei 7/1985, de 2 de abril, e que de seguido se transcribe. Indicar que en relación copersoal, no que respecta á Tesourería, estaraseao indicado na memoria da Alcaldía, os informes emitidos e a Resolución da directora xeral de Administración Local, de data 22 de marzo de 2017. No caso da relación de postos de traballo, visto o disposto no artigo 202.2 da Lei 2/2005, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, a súa exposición pública remata o día 30 de xaneiro de 2023, se non se formulan reclamacións antes da indicada data, considerárase definitivamente aprobada a relación de postos de traballo que figura neste Edicto.

RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO ANO 2023:

A.- FUNCIONARIOS:

DENOMINACIÓN	DOT	N.	C.E.M.	T.P.	F.P.	ADSCRIPCIÓN	TITULACIÓN
SECRETARÍA-INTERVENCIÓN	1	28	2.021,60	S	C	HABILI. ESTATAL	L. DEREITO
TÉCNICO M. - TESOUREIRO	1	26	1.650,07	S	OP	ADMINIS. ESPECIAL	D. UNIVERSI.
ADMINISTRATIVO	1	22	773,52	N	COP	ADMINIS. XERAL	B. SUPERIOR
ADMINISTRATIVO	1	22	772,65	N	COP	ADMINIS. XERAL	B. SUPERIOR
VIXILANTE MUNICIPAL	1	14	550,80	S	V	ADMINIS. ESPECIAL	G. ESCOLAR

DOT=Dotación; N.=Nivel; C.E.M.=Complemento Específico mensual (14); T.P.=Tipo de puesto; S=singularizado; N=No singularizado; F.P.=Forma de provisión; C=Concurso; OP=Oposición; COP=Concurso-Oposición; V=Vacante.

B) PERSOAL LABORAL FIXO E INDEFINIDO:

DENOMINACIÓN	DOT	TITULACIÓN	C) OBSERVACIÓNS
TRABALLADOR SOCIAL A2.- NCD 18.- C.E.M. 150,78 €	1	TRABALLO SOCIAL	SERVIZOS SOCIAIS
AXENTE DE EMPREGO E D. LOCAL A2.- NCD 20.- C.E.M. 830,43 €	1	DIPLOMADO	
ENCARGADA DO P.A.I.	1		VACANTE
PERSOAL DE APOIO DO P.A.I.	1		VACANTE
PEÓN. GR. E.- NCD 14.- C.E.M. 502,24 €	2	E. PRIMARIOS	
PEÓN DE OBRAS E SERVIZOS MÚLTIPLES GR. E.- NCD 14.- C.E.M. 502,44 €	1	E. PRIMARIOS	VACANTE
ENCARGADA DA BIBLIOTECA E SECRETARIA DO XULGADO C1.- NCD 14.- C.E.M. 130,56 €	1	B. SUPERIOR	
OFICIAL DE SEGUNDA	1	E. PRIMARIOS	
OPERARIO DE SERVIZOS MÚLTIPLES	1	CERTIFICADO DE	

GR. E.- NCD 14.- C.E.M. 501,83 €		ESCOLARIDADE	
OFICIAL 1ª, ENCARGADO DE OBRAS E SERVICIOS MÚLTIPLES C2.- NCD 18.- C.E.M. 830,87 €	1	GRADUADO ESCO. OU E.S.O.	
OFICIAL 1ª, DE OBRAS E SERVICIOS MÚLTIPLES C2.- NCD 16.- C.E.M. 728,37 €	1	GRADUADO ESCO. OU E.S.O.	

ANEXO Á RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO ANO 2023:**1).- PERSOAL LABORAL CONTRATADO/TEMPORAL (NON FIXO):**

POSTO DE TRABALLO OU CARGO	NÚMERO DE POSTOS	CARACTERÍSTICAS
Persoal convenio motomba (incendios)	3	Xornada completa (3 meses)
Persoal brigada incendios (labores de vixilancia e extinción)	5	Xornada completa (3 meses)
Persoal do P.A.I.	2	A extinguir en caso de cubrise como laboral fixo
Atención temperá.- Terapeuta ocupacional	1	Media xornada
Atención temperá.- Psicóloga	1	Xornada completa
Atención temperá.- Enfermeira	1	Xornada completa
Atención temperá.- Logopeda	1	Xornada completa
GES.- Grupo de emerxencias supramunicipal.- Peóns	12	Xornada completa
Aprol Rural.- Peón	1	Xornada completa

CADRO DE PERSOAL ANO 2023:**1.- FUNCIONARIOS DE CARREIRA:**

POSTO DE TRABALLO	SUBGRUPO	SITUACIÓN
Secretario - Interventor Habilitación Estatal	A1/A2	Propiedade
Técnico-Medio - (Tesoureiro) * Administración Especial	A2	Propiedade
Administrativo Administración Xeral	C1	Propiedade
Administrativo Administración Xeral	C1	Propiedade
Vixiante Municipal Administración Especial	C2	Propiedade

(*) En relación coa Tesourería, estaraseao indicado no expediente do Orzamento.

2.- PERSOAL LABORAL FIXO E INDEFINIDO:

POSTO DE TRABALLO OU CARGO	NÚMERO DE POSTOS	CARACTERÍSTICAS
Traballador Social	1	Xornada completa
Axente de Emprego e Desenvolvemento L.	1	Xornada completa
Encargada do P.A.I.	1	Vacante
Persoal de apoio do P.A.I.	1	Vacante
Peón	1	Xornada completa
Peón de obras e servizos múltiples	1	Vacante
Encargada Biblioteca e Secretaria Xulgado	1	Xornada completa
Operario de servizos múltiples	1	Xornada completa
Oficial 1ª, encargado de obras e ser. múlti.	1	Xornada completa
Oficial 1ª, de obras e servizos múltiples	1	Xornada completa

3.- PERSOAL EVENTUAL:

Ningún.

4.- ALTOS CARGOS:

DENOMINACIÓN	NÚMERO DE POSTOS	SITUACIÓN
Alcalde-Presidente	1	Dedicación exclusiva
Concelleira Delegada da Alcaldía, de Cultura e de Turismo	1	Dedicación parcial

O Cadro de persoal laboral temporal poderá ampliarse coas subvencións que este Concello poida recibir da Comunidade Autónoma ou de outros organismos públicos para financiar ou cofinanciar a contratación de persoal de obras ou servizos determinados; ou ben por necesidades perentorias do servizo.

De conformidade co preceptuado no artigo 171.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, contra a aprobación definitiva do Orzamento Municipal, poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses que se computarán desde o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Friol, 24 de xaneiro de 2023.- O alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 0203

GUITIRIZ*Anuncio*

Aprobado por Decreto de Alcaldía o Padrón fiscal do servizo público de Centro de Día correspondente ao mes de novembro de 2022 que comprenden os seguintes recibos:

1.- Padrón das taxas de prestación do servizo público de Centro de Día correspondente ao mes de novembro de 2022, integrado por 13 recibos por importe total de 3.489,25 €.

O Padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte á inserción do presente edicto no BOP, a obxecto de que poidan ser examinados e presentar as

reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobado no caso de que non se produzan reclamacións contra o mesmo.

Contra o acordo de aprobación dos correspondentes Padróns, poderá interpoñerse con carácter perceptivo recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado dende o día inmediato seguinte ao do remate da exposición pública dos correspondentes Padróns.

A cobranza en período voluntario das taxas do padrón do servizo público de Centro de Día correspondente ao mes de novembro de 2022, terá lugar dende o día 3/01/2023 ao 3/03/2023 (ambos incluídos). Os recibos que figuran domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos contribuíntes.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Guitiriz, 13 de xaneiro de 2023.- A Alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 0174

LOURENZÁ

Anuncio

Exposición pública do Padrón das Taxas polo Servizo de Subministración de auga, conservación de contadores, canon da auga, coeficiente de vertedura e saneamento.

Configurado pola empresa concesionaria do servizo de subministración domiciliar de auga potable e saneamento, o padrón das taxas polos servizos de subministración de auga, conservación de contadores, canon da auga, coeficiente de verteduras e saneamento, correspondente ao 4º trimestre de 2022, o citado padrón estará a disposición do público durante 15 días a contar dende a data de publicación do presente anuncio no BOP na Oficina de ESPINA & DELFÍN, S.L. sita na rúa Ponte de Cuñas 11 (Recinto Feiral) en horario de 12:00 a 14:00 horas, os luns, mércores e xoves, e os días 9 e 28 laborais, para que os interesados poidan examinalo, e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas.

Contra os recibos que contén o padrón poderá formularse perante o Sr. Alcalde, o recurso de reposición previo ao contencioso - administrativo do artigo 14.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas Locais, no prazo dun mes que se contará dende o día seguinte ao da finalización da exposición pública do padrón, nos termos previstos en dito precepto legal. Polo que respecta ao canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico - administrativa ante o órgano económico - administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia tamén no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación consonte co disposto no artigo 49.7 do Decreto 136/2012 polo que se aproba o regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

Neste senso, a publicación no Boletín Oficial da Provincia deste anuncio, produce efectos: de notificación expresa ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria; e de anuncio de cobranza segundo o disposto no artigo 24 do Real decreto 939/2005, de 29 de xullo, que aproba o regulamento xeral de recadación.

O pago poderá efectuarse nas oficinas da empresa ESPINA & DELFÍN, S.L. abertas ao público de 12:00 a 14:00 horas, os luns, mércores e xoves, e os días 9 e 28 laborais.

Transcorrido o período voluntario de pago establecido, ata o 5 de Abril do 2023, as débedas pendentes esixiranse pola vía de constrinximento coa recarga de prema, os xuros de mora e as custas que se produzan. Polo que respecta ao canon da auga a vía de constrinximento será realizada pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Lourenzá, 19 de xaneiro do 2023.- A alcaldesa, Rocío López García.

R. 0175

MURAS

Anuncio

Aprobación definitiva da Ordenanza Municipal do prezo público pola prestación de servizo de Punto de Atención á Infancia do Concello de Muras

A o non haberse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo adoptado polo Pleno celebrado o 26 de outubro de 2022 de aprobación da Ordenanza Municipal do prezo público pola prestación de servizo de Punto de Atención á Infancia do Concello

de Muras, cuxo texto íntegro se fai público, para o seu xeralcoñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA DO CONCELLO DE MURAS

Artigo 1.-Concepto.

De conformidade co disposto no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, en relación co artigo 41 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo da Lei reguladora das Facendas Locais, o Concello de Muras establece o prezo público pola prestación do Servizo de Atención á Infancia.

Artigo 2.- Feito Impoñible.

Constitúe o feito imoñible do prezo público dende que se se inicia a estancia ou asistencia dos usuarios no servizo de Atención á Infancia deste concello de Muras.

O **horario máximo subvencionable será de 8 horas**. Se algunha familia utiliza un horario ampliado, as horas a maiores serán aboadas polas familias.

O **horario mínimo subvencionable será de 3 horas**.

Artigo 3.- Suxeitos Pasivos.

Están obrigados ó pagamento das cantidades que se establecen como prezo na presente regulación os pais/nais dos nenos/as en situación de alta no P.A.I. e, no seu defecto, os familiares ou titores legais a quen corresponda o exercicio da patria potestade.

Artigo 4.-Prezos.

Atendendo á posta en marcha pola Xunta de Galicia, da medida de gratuidade da atención educativa para o alumnado entre 0 e 3 anos, das escolas infantís e dos Puntos de Atención á infancia durante o curso académico, o Concello de Muras, bonificará o prezo público pola atención educativa na xornada ordinaria e durante un máximo de 11 meses do curso escolar.

O programa de gratuidade inclúe a atención educativa e matrícula, e dado que o comedor non é un servizo educativo; polo tanto, **as familias que o utilicen continuarán asumindo a tarifa de comedor**.

Os prezos polos servizos prestados no Punto de Atención á Infancia de Muras serán os establecidos no Decreto 49/2012, do 19 de Xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes da Consellería de Política Social, e que se actualizaron mediante a Resolución da Axencia Galega de Servizos Sociais do 10 de maio de 2017.

Os prezos públicos aprobados publicarase anualmente na páxina web do Concello e no B.O.P. de Lugo, como ANEXO I desta Ordenanza.

Artigo 5.- Bonificación

- Bonificación do 100% de cota de atención educativa para os/as fillos/as da unidade familiar, a partir do comezo do curso escolar 2022/2023.

A inasistencia á escola infantil 0-3 durante un período de 15 días sen xustificar darálugar á baixa do neno ou da nena usuario/a para a inclusión no programa da gratuidade da atención educativa.

Artigo 6.- Pagamento.

- O pagamento das cotas pola utilización dos servizos sen prexuízo do establecido no artigo 7 da presente regulación, realizarase mensualmente nos dez primeiros días do mes a que correspondan.

- Salvo o disposto no artigo 5 da presente regulación, a falta de asistencia da nena/o non supón a redución nin exención da cota mentres non se formalice a baixa correspondente.

- O pago realizarase por domiciliación bancaria que autorizará o solicitante do servizo ao formalizar a matrícula.

- O cobro das tarifas do prezo público oxestionarase a partir dun padrón constituído polos recibos comprensivos dos obrigados a pagar, usuarios, contías e bonificacións aplicables, o cal será aprobado mensualmente nos dez primeiros días do mes natural seguinte a que corresponda o período impositivo pola Alcaldía-Presidencia, publicándose o anuncio de notificación colectiva no Boletín oficial da provincia de Lugo.

A falta de pagamento de dúas mensualidades consecutivas ou tres alternativas orixinará a perda do dereito á praza.

Artigo 7.- Suspensión da cota

Os suxeitos obrigados ós que fai referencia o artigo 3º non terán a obriga de aboar a cota durante os seguintes períodos:

a). O mes de vacacións anual da nena/o.

b). Cando, por calquera motivo distinto ó período de vacacións anuais, o centro permaneza pechado un período superior a quince días.

c). Cando, por causa debidamente xustificada, a nena/o deixe de asistir temporalmente ó centro. Neste caso, o suxeito obrigado estará exento de aboar a cota mensual desde o primeiro día do segundo mes natural seguinte ó da data de ausencia do centro. A suspensión da cota durará ata o día primeiro do mes natural en que teña lugar a reincorporación da nena/o a centro. Non obstante, se a reincorporación se produce con posterioridade ó día 15 do mes, a cota correspondente ó dito mes reducirase nun 50 por cento.

A solicitude de suspensión de cota, xunto coa acreditación documental da circunstancia que a motiva, deberá presentarse ante o Concello que resolverá sobre a procedencia da suspensión.

No caso de suspensión temporal da cota, o pagamento correspondente ó mes de reincorporación realizarase no prazo de dez días seguintes ó da data de reincorporación. Así mesmo, naqueles supostos nos que se acorde a non procedencia da suspensión solicitada, o suxeito obrigado deberá ingresar as cotas atrasadas no prazo de dez días seguintes ó da notificación da resolución denegatoria.

Artigo 8.-Normas de xestión.

1.-Causarase baixa no centro por algunha das circunstancias seguintes:

a) Por cumprimento da idade máxima regulamentaria de permanencia no centro.

b) A instancia dos pais/nais ou representantes legais.

c) Por non pagar a cota establecida durante dous meses consecutivos ou tres alternos, calquera que sexa o ano ó que se refire a débeda.

Disposición derogatoria

Coa entrada en vigor da presente Ordenanza fiscal queda derogada a anterior Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola expedición de documentos administrativos.

Disposición final

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, e aplicarase a partir do día da súa entrada en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

SEGUNDO. Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo na sede electrónica deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e expor as reclamacións que estimen oportunas.

TERCEIRO. Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

CUARTO. Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir os documentos relacionados con este asunto.

Non obstante o Pleno acordará o que estime oportuno.

ANEXO I- PREZOS

TRAMOS DE RENDA PER CÁPITA			ATENCIÓN EDUCATIVA
Contía en función do indicador de renda a efectos múltiples(IPREM)	Desde	Ata	
Renda inferior ao 50% do IPREM	Menos de 289,50 €		0,00 €
Renda comprendida entre o 50% e inferiores ao 75 % do IPREM	289,51 €	434,26 €	0,00 €
Renda comprendida entre o 75% e inferiores ao 100% do IPREM	434,27 €	579,01 €	0,00 €
Renda comprendida entre o 100% e inferiores ao 125% do IPREM	579,02 €	723,77 €	0,00 €
Renda comprendida entre o 125% e inferiores ao 150% do IPREM	723,78 €	868,52 e	0,00 €
Renda comprendida entre o 150% e inferiores ao 200% do IPREM	868,53 €	1.158,03€	0,00 €

Renda superior ao 200% do IPREM	Máis de 1.158,04 €	0,00 €
Prezo polo servizo de alimentación das/dos menores (mensual)		20,00 €
Prezo ampliación de estancia de cada hora adicional do horario adxudicado		21,16 €

A xornada completa comprende un servizo de 8 horas diarias.

No caso de que os pais, nais ou titores queiran acollerse a outro horario distinto da xornada completa, os prezos reduciranse proporcionalmente, dos contemplados anteriormente.

Muras, 17 de xaneiro de 2023.- O alcalde, Manuel RequeijoArnejo.

R. 0176

NAVIA DE SUARNA

Anuncio

De conformidade cos artigos 112,3 da Lei 7/85, de 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e 169, 3 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de Marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e aprobándose pola Corporación, en sesión extraordinaria celebrada o día 29 de decembro de 2022, adoptou o acordo de aprobación inicial do Presuposto xeral desta Entidade e da plantilla de persoal do ano 2023, que resultou definitivo ó non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición pública, faise constar o seguinte:

RESUMO DO REFERENCIADO PRESUPOSTO PARA 2023.-

	INGRESOS	PRESUPOSTO
CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	EUROS
	a) OPERACIÓNS CORRENTES	
I	Impostos directos	186.500,00
II	Impostos indirectos	7.000,00
III	Taxas e outros ingresos	116.800,00
IV	Transferencias correntes	960.809,94
V	Ingresos Patrimoniais	200,00
	b) OPERACIONES DE CAPITAL	
VI	Enaxenacións de inversións reais	0,00
VII	Transferencias de capital	200.000,00
VIII	Activos financeiros	0,00
IX	Pasivos financeiros	0,00
	TOTAL DO ESTADO DE INGRESOS	1.471.309,94

	GASTOS	PRESUPOSTO
CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	EUROS
	a) OPERACIÓNS CORRENTES	
I	Gastos de Persoal	767.282,86
II	Gastos de benscorrentes e servizos	430.667,08
III	Gastos financeiros	3.000,00
IV	Transferencias correntes	24.360,00
V	Fondo de Contixencia	0,00
	b) OPERACIÓNS DE CAPITAL	
VI	Inversións reais	246.000,00
VII	Transferencias de capital	0,00
VIII	Activos financeiros	0,00
IX	Pasivos financeiros	0,00
	TOTAL DO ESTADO DE GASTOS	1.471.309,94

PLANTILLA DE PERSOAL**1.- FUNCIONARIOS DE CARREIRA**

ESCALA	SUBESCALA	POSTO DE TRABALLO	Nº PRAZAS	GRUPO	NIVEL C.D.
Habilitación Nacional	Secretaría-Intervención	Secretaría-Intervención Cuberta interinamente	1	A1	26
Administración Xeral	Auxiliar	Auxiliar-cubertainterinamente proceso de estabilización.	1	C2	18
Administración Xeral	Traballadora Social	Proceso de estabilización	1	A2	
Administración Xeral	Encargada da Biblioteca	Proceso de estabilización (tempo parcial)	1	C1	

2.- PERSOAL LABORAL FIXO

DENOMINACIÓN DA PRAZA	Nº PRAZAS	SITUACIÓN
Peón de obras e servizos	1	Vacante-cuberta interinamente. Proceso de estabilización.
Celador-Operario Servizos Múltiples	1	Vacante-cuberta interinamente. Proceso de estabilización.

Axente de Emprego e Desenvolvemento Local		1	Cuberta.
DENOMINACIÓN DA PRAZA		SITUACIÓN	
AP	PL01	PEÓN/PEÓN OBRAS E SERVIZOS. Proceso de estabilización.	
AP	PL014	AUXILIAR AXUDA NO FOGAR. Proceso de estabilización.	
AP	PL015	AUXILIAR AXUDA NO FOGAR. Proceso de estabilización.	
AP	PL016	AUXILIAR AXUDA NO FOGAR. Proceso de estabilización.	
AP	PL017	AUXILIAR AXUDA NO FOGAR. Proceso de estabilización.	
AP	PL018	AUXILIAR AXUDA NO FOGAR. Proceso de estabilización.	
AP	PL05	PEÓN CONDUCTOR. Proceso de estabilización.	
C-C2	PL02	PEÓN ESPECIALISTA 1ª. Proceso de estabilización.	
AP	PL06	AUXILIAR AXUDA NO FOGAR. Proceso de estabilización.	
AP	PL07	AUXILIAR AXUDA NO FOGAR. Proceso de estabilización.	
AP	PL08	AUXILIAR AXUDA NO FOGAR. Proceso de estabilización.	
AP	PL09	AUXILIAR AXUDA NO FOGAR. Proceso de estabilización.	
AP	PL010	AUXILIAR AXUDA NO FOGAR. Proceso de estabilización.	
AP	PL011	AUXILIAR AXUDA NO FOGAR. Proceso de estabilización.	
AP	PL012	AUXILIAR AXUDA NO FOGAR. Proceso de estabilización.	
AP	PL13	AUXILIAR AXUDA NO FOGAR (TEMPO PARCIAL). Proceso de estabilización.	
AP	PL19	PEÓN CONDUCTOR DE MAQUINARIA (VACANTE).	

3.- ALTOS CARGOS

DENOMINACIÓN	Nº PRAZAS	SITUACIÓN
Alcalde-Presidente	1	Dedicación exclusiva

Persoal a contratar con cargo ós seguintes Programas subvencionados: Fomento Emprego, Campaña incendios 2023; Aprox Rural.

Según o disposto no artigo 171.1 do Real Decreto Legislativo, poderase interpor directamente contra o referenciado Presuposto, recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Navia de Suarna, 24 de xaneiro de 2023.- O Alcalde, José Fernández Fernández.

R. 0202

SARRIA

Anuncio

Nomeamento funcionaria interina

Mediante decreto 2023-0013 de data 05/01/2023, unha vez rematado o pertinente proceso selectivo, nomeouse a Ana López López, con DNI *****875*, como funcionaria interina por vacante para cubrir a praza de auxiliar administrativo de Administración Xeral, Subescala Auxiliar, Grupo C, Subgrupo C2, adscrita aoservizo de urbanismo (Programa 151), dende o 10/01/2023 e ata a súa cobertura definitiva conforme ao artigo 10.1.a) do TREBEP, suxeitándose aos termos e á duración establecida no artigo 10.4 do TREBEP.

Sarria, 17 de xaneiro de 2023.- O alcalde, Claudio Melquiades Garrido Martínez.

R. 177

Anuncio

Nomeamento funcionario interino

Mediante decreto 2023-0003 de data 03/01/2023, unha vez rematado o pertinente proceso selectivo, nomeouse a Jesús Enrique Requejo Peccis, con DNI *****832*, como funcionario interino por vacante conforme ao artigo 10.1.a) do TREBEP, para cubrir a praza de Administrativo de Administración Xeral, Subescala Administrativa, Grupo C, Subgrupo C1, adscrita aoservizo de tesourería (Programa 934), dende o 03/01/2023 e ata a súa cobertura definitiva conforme ao artigo 10.1.a) do TREBEP, suxeitándose aos termos e á duración establecida no artigo 10.4

do TREBEP.

Sarria, 17 de xaneiro de 2023.- O alcalde, Claudio Melquiades Garrido Martínez.

R. 0178

Anuncio

Nomeamento funcionaria interina

Mediante decreto 2022-1438 de data 20/12/2022, unha vez rematado o pertinente proceso selectivo, nomeouse a Raquel Armesto López, con DNI *****403*, como funcionaria interina para cubrir a praza vacante de auxiliar administrativo de Administración Xeral, Subescala Auxiliar, Grupo C, Subgrupo C2 adscrita aoservizo de actas (programa 920) unha vez quede vacante e ata a súa cobertura definitiva conforme ao artigo 10.1.a) do TREBEP, **suxeitándose aos termos e á duración establecida no artigo 10.4 do TREBEP.**

Sarria, 17 de xaneiro de 2023.- O alcalde, Claudio Melquiades Garrido Martínez.

R. 0179

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) - LUGO

Anuncio

BASES DO CONCURSO DE DISFRACES DE ADULTOS ENTROIDO 2023

BDNS (Identif.): 671917

De acordó codisposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencions, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencions (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/671917>)

BASES CONCURSO DE DISFRACES ENTROIDO 2023 - ADULTOS

Con motivo da celebración do Entroido do ano 2023, a Concellería de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo convoca o Concurso de Disfraces, categoría adultos, tendo en conta as seguintes bases:

1. Participantes: poderán concursar todas as persoas que o desexen.
2. Categorias: diferénciase na modalidade de ADULTOS a seguinte clasificación para o disfrace:
 - Individual.
 - Parellas.
 - Comparsas.

3. Prazo e lugar de presentación das solicitudes de inscrición: O prazo para a presentación das solicitudes rematará o día 20 de febreiro, ás 14:30 horas. Para participar deberase enviar un correo electrónico ao enderezo cultura@lugo.gal indicando no asunto "Solicitud de inscrición CONCURSO DE DISFRACES ENTROIDO 2023 - ADULTOS" e achegando a folia de inscrición que figura como anexo a estas bases.

4. O concurso terá lugar o día 21 de febreiro a partir das 17:00 horas. Os participantes concentraranse na praza da Soidade, media hora antes do desfile. Discorrerá polas rúas Antón Fraguas, Quiroga Ballesteros, Santo Domingo, Raíña e praza Maior. A resolución do procedemento terá lugar nes mesmo acto coa correspondente comunicación aos gañadores.

5. Os disfraces non deben utilizar a imaxe da muller como reclamo e con connotacións de tipo sexual ou a denigración da súa imaxe, así como calquera outro que atenten contra a dignidade das persoas.

6. Premios: establécense os seguintes premios segundo as categorías:

INDIVIDUAL:

1º premio: 500,00 €

2º premio: 300,00 €

3º premio: 200,00 €

3 premios de 50,00 €

PARELLAS:

1º premio: 600,00 €

2º premio: 400,00 €

3º premio: 300,00 €

5 premios de 100,00 €

COMPARSAS:

1º premio: 1.100,00 €

2º premio: 800,00 €

3º premio: 600,00 €

7 premios de 200,00 €

7. Xurado: O xurado será designado pola Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua e estará composto por persoas de recoñecido prestixio e vinculadas coa tradición do Entroido na nosa cidade, sendo nomeados con carácter previo á celebración do concurso.

O xurado pode declarar desertos os premios no caso de que non se acade unha calidade mínima nas propostas presentadas. A decisión do xurado será inapelable e axustarase, entre outros, aos seguintes baremos:

- Composición estética.
- Orixinalidade.
- Calidade.
- Presentación.

8.- Aceptación: O tomar parte neste concurso supón a plena aceptación destas BASES.

Lugo, 23 de xaneiro de 2023.- Tenente de Alcaldesa Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Tareixa Antía Ferreiro Tallón.

R. 0200

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO
CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

Expediente: A/27/27359

De acordo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 27 de diciembre de 2022 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a Benigno José Arias Sánchez, la oportuna

concesión para aproveitamento de 1,8125 l/s de agua procedente de 3 mananciales en el lugar de O Carballo, parroquia de Poutomillos (San Martiño) en el término municipal de Lugo (Lugo) para usos domésticos, ganaderos y riego.

Lugo, 18 de enero de 2023.- EL COMISARIO ADJUNTO, Alberto de Anta Montero.

R. 0180

Anuncio

Expediente: A/27/27358

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 20 de diciembre de 2022 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a la Comunidad de Propietarios Os Covallos, la oportuna concesión para aprovechamiento de 0,05 l/s de agua procedente del río Sil en el lugar de Os Covallos, parroquia de Montefurado (San Miguel), en el término municipal de Quiroga (Lugo) para riego.

Lugo, 18 de enero de 2023.- EL COMISARIO ADJUNTO, Alberto de Anta Montero.

R. 0181

Anuncio

Expediente: A/27/33465

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 20 de diciembre de 2022 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada al Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais, la oportuna concesión para aprovechamiento 300 m³ de agua procedente de un arroyo innominado, afluente del Rego de Vilapedre, en la parroquia de Vilapedre (San Mamede), término municipal de Vilalba (Lugo) para extinción de incendios.

Lugo, 18 de enero de 2023.- EL COMISARIO ADJUNTO, Alberto de Anta Montero.

R. 0182
